



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Plurilingüe da Ribeira  
Polígono de Torneiros, Fase III, s/n  
36410 – O Porriño

☎ 886110414

✉ [ceip.ribeira.porrino@edu.xunta.es](mailto:ceip.ribeira.porrino@edu.xunta.es)



galicia

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP PLURILINGUE DA RIBEIRA  
MATERIA:RELIXIÓN CATÓLICA  
PROFESORA:ANGELA M<sup>a</sup> MÉNDEZ GONZÁLEZ  
DATA:15 MAYO 2020

## ÍNDICE

1. **Introducción**
2. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
3. **Actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación) e materiais e recursos.**
4. **Metodoloxía**
5. **Avaliación e cualificación**
6. **Información e publicidade.**

# 1. INTRODUCCIÓN

## MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA O CURSO 2019/20

Ante a situación extraordinaria creada pola alerta sanitaria debida ao COVID-19, realizamos a modificación da PD atendendo ao disposto en:

- Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes y Memoria Democrática),
- Orde EFP/365/2020, de 22 de abril, pola que se establecen o marco e as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021, ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19 (Ministerio de Educación e Formación Profesional),
- Instrucións de 27 de abril de 2020 para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de la Comunidade Autónoma de Galicia (Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Xunta de Galicia).

Os cambios sobre a PD inicial aquí recollidos están orientados a un proceso de ensinanza non presencial, activo, equitativo e motivador para todo o alumnado, tendo en conta a realidade social específica deste centro educativo (capacidade familiar de apoio ao alumnado, equipos informáticos, conexión a internet, coñecementos informáticos...).

O traballo a desenvolver polo alumnado (de carácter voluntario e coa posibilidade de valoración unicamente positiva) será a realización de actividades de reforzo, recuperación e ampliación dos contidos tratados na aula ata a interrupción das clases presenciais.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 15	CENTRO:CEIP PLURILINGUE DARIBEIRA: CURSO: PRIMARIA MATERIA:RELIXIÓN CATÓLICA
--	-------------------	--

## 1º PRIMARIA

<b>2.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Valorar a Creación, a bondade e a paternidade de Deus.	Describe a natureza como a festa da creación de Deus. Manifesta agradecemento a Deus Pai pola natureza a través de debuxos, oracións, xestos en clase...	CAA CCL CCEC CSC CMCTC
Descubrir que Deus é Pai e nos coida.	Relata coas súas palabras o amor do Pai Deus por todos nós.	CCL CAA CSIEE
Recoñecer a mensaxe e as ensinanzas dalgunhas parábolas de Xesús.	Indica algúns textos bíblicos que sinalan que Deus Pai non nos deixa sós.	CAA CCL CSIEE
Comprender que Cristo nos mostra o seu amor ensinando o camiño para chegar	Cóntalles aos demais compañeiros o que fan na súa familia, no seu contorno próximo, como Xesús nos ensina.	CSC CAA CCL CCEC CSIEE

## 2º PRIMARIA

<b>2.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Recoñecer nalgúns textos bíblicos sobre a creación a bondade e paternidade de Deus	Experimenta a felicidade cristiá axudando a outras persoas	CAA CCL CCEC CSC
Apreciar o amor que Deus lle ten ao home desde a natureza e a súa presenza xunto a nós	Recoñece os xestos de amor, xenerosidade e entrega nel mesmo e no seu redor.	CCL CAA CSC CCEC
Sacar conclusións dalgunhas parábolas básicas na ensinanza de Cristo.	Recoñece a preocupación polos necesitados de Xesús	CAA CCL CSIEE CSC
Identifica as emocións que xera o nacemento de Xesús.	Identifica as emocións que xera o nacemento de Xesús.	CSC CAA CCL CCEC
Comprender que Cristo mostra o seu amor por nós presentándose como camiño para chegar a Deus, morrendo por nós, perdoándonos e enviándonos o teu Espírito	Coñece o valor da dispoñibilidade e entrega aos demais.	CSC CAA CCEC

### 3º PRIMARIA

2.Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Saber en que consiste a acción creadora de Deus hoxe e como continúa creando e invita o home a colaborar con El. Todos podemos e debemos colaborar con Deus.	Recoñece o amor de Deus connosco ao crearnos á súa imaxe.	CCL CSC CAA
Valorar que en Nadal Xesús vén para salvarnos, móstranos o camiño, a verdade e a vida. Móstranos o seu amor.	. Recoñece o sentido relixioso nalgúns obras artísticas e xestos litúrxicos. . Sabe aplicar na relación cos amigos e a familia algúns valores xerados na persoa de Xesucristo, a humildade, o servizo, o amor.	CCL CAA CSIEE CD
Descubrir como Xesús nos ensina que Deus é Pai misericordioso que sempre perdoa o que se arrepiñe.	Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que mostran o amor de Deus ao home.	CCL CAA CSC
Coñecer que o home non é como lle gustaría ser. O home necesita que se lle perdoen os seus fallos, as súas malas accións, os seus pecados. Necesita sobre todo a salvación de Deus. Deus ofrece a salvación aos homes aínda que o ofendesen. Xesús veu para salvar o home do pecado.	Sabe que necesita confiar no Señor para vencer o mal.	CCL CSC CAA
Comprender o amor de Xesús. A Xesús seguiron moitos, os que	Comprende e valora accións salvíficas de Xesús nas referencias	CCL

<p>viran nel o amor e a bondade de Deus. Outros buscaban como matalo, pois o amor e a bondade de Xesús lles denunciaba o seu egoísmo e a súa mentira. Xesús pola súa morte na cruz quixo darnos a maior proba do amor de Deus, amando ata o límite, ata a morte. Cristo morreu na cruz para cumprir a vontade do Pai que era salvarnos a todos. Ao terceiro día resucitou.</p>	<p>bíblicas sobre os seus milagres, a súa morte e resurrección. Fundamenta o sentido do Mandamento do Amor como insignia Xesús.</p>	<p>CAA CSC CD CCEC</p>
<p>Reflexionar ante a realidade de que as nosas accións poden ser boas ou malas.</p>	<p>Enumera aspectos valiosos das persoas (servizo, altruísmo, capacidade de inventiva...).</p>	<p>CMCTC CCL CSC CSIEE</p>

## 4º PRIMARIA

<b>2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Situar a Xesús no seu momento histórico e localizar e describir os principios feitos da súa vida	Comprende o significado de Evanxeo e de evanxelizar.	CAA CCL CSC
Atopar e analizar os principios textos do Novo Testamento que conteñen a mensaxe de Xesús .	. Aprende que Xesús é o enviado de Deus para salvar e acompañar a toda a humanidade . Comprende o significado de Evanxeo e de evanxelizar.	CCL CAA CSIEE CSC
Reconstruír , con axuda dos Evanxeos e reprodución da Semana Santa , o itinerario da Paixón ,Morte e Resurrección de Xesucristo.	Recoñece que Xesús nos libera do pecado e nos axuda a vivir como fillos de Deus e irmáns de todos	CAA CCL CSC CD
Analizar os rasgos que definen o amor humano para comparalos cos que Xesús proclama e se identifica.	. Experimenta nun mesmo e valora a solidariedade no comportamento doutras persoas. . identifica situacións de axuda, nas que se pode facer o ben e as exemplifica con accións concretas. . Comprende e explica o concepto de solidariedade.	CCL CSC CAA
Captar o sentido da Misa como realización actualizada da Última Cea e da Morte de Xesús na Cruz.	Coñece que Xesús nos regala a eucaristía e o novo mandamento do amor na última cea.	CCL CAA CSC CCEC



## 5º PRIMARIA

### 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Tomar conciencia de que o home se interrogou sempre ante as marabillas do universo e a existencia humana. Comprender a Creación como obra de Deus. Toda a Creación é boa porque Deus a fixo.	Sabe que Deus é creador e faino por amor	CCL CSC CAA
Saber responder algunhas preguntas sobre o home e a evolución da natureza. Saber que no íntimo do home vemos que se distingue da natureza: o home ten espírito, intelixencia, vontade libre, conciencia; por iso, se asemella máis a Deus que ao mundo creado	Sabe valorar as achegas no ser humano do feito de ser creado e amado por Deus como fillo.	CCL CAA CSIEE CSC
Recoñecer e valorar a novidade que supón a forma de comunicación divina e a gratuidade da súa linguaxe baseada no amor que se expresa na persoa de Cristo na Biblia.	Comprende o servizo eclesial que os apóstolos e os seus sucesores prestan ao pobo de Deus	CCL CAA CSC CCEC
Apreciar a acción salvadora de Xesucristo. Foi o que en verdade cambiou o rumbo da escravitude do mal e do pecado. El é o Salvador. Toda a historia da salvación, dirixida por Deus en favor dos homes, prepara o camiño para a súa vinda.	Sabe sintetizar os puntos esenciais sobre a salvación do home realizada por Xesucristo.	CCL CSC CAA
Descubrir en Xesucristo Salvador un modelo radicalmente novo de vida que leva consigo unha conversión persoal.	Comprende as principais respostas ás preguntas sobre o mal, a dor e a morte, fundamentadas na acción Salvadora de Xesucristo.	CCL CAA CSC

## 6º PRIMARIA

### 2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
Distinguir o sentido último da vida segundo as relixións monoteístas.	Coñece o valor e significado que se lle daba aos soños no ámbito do Antigo e Novo testamento	CCL CSC CAA
Comentar algúns textos do Novo testamento onde se manifesta a humanidade e a divindade da Xesús.	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Recoñece que Xesús nos ensina a vivir elixindo o ben e rexeitando o mal.</li> <li>. Recoñece que Xesús tiña unha familia que o quería e na que se sentiu arroupado e protexido.</li> <li>. Recoñece a salvación e redención que nos deu Xesucristo pola súa morte e a súa resurrección.</li> </ul>	CCL CAA CSC CD
Describir que consecuencias ten no ser humano o feito de ser creado e amado por Deus como fillo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>. Recoñece o agradecemento das persoas por todo o que Deus nos regala para que vivamos felices.</li> <li>. Sabe que Xesús é o maior regalo que Deus fai aos cristiáns ao compartir a súa vida connosco.</li> </ul>	CCL CAA CSC CCEC
Razoar o valor da liberdade e da responsabilidade dos propios actos a luz do Evanxeo, e saberles aplicar o mandamento do amor ás situacións cotiás.	Comprende que a liberdade permite elixir entre o ben e o mal.	CCL CSC CAA CSIEE

<p>Identificar algunhas institucións de Igrexa dedicadas á axuda aos necesitados.</p>	<p>. Comprende que a esperanza anima aos cristiáns a axudar aos demais e dálles forza para loitar contra as inxustiza          . Identifica e valora algunhas institucións da Igrexa dedicadas á axuda aos demais.</p>	<p>CCL CAA CSC CSIEE</p>
<p>Sinalar e respectar os valores das distintas relixións e a súa contribución á cultura</p>	<p>Coñece ,sabe ,identifica e respecta as principais festas relixiosas.</p>	<p>CAA CCL CCEC</p>

### 3. Actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>Dende a nosa aula estanse levando a cabo actividades de repaso, reforzo e ampliación de carácter motivador para consolidar o grao de adquisición das competencias clave. A modo de exemplo:</p> <p><u>Actividades de repaso:</u> pequenos traballos sobre os contidos tratados na aula. Fichas de completar frases, debuxo, recortables, resumes, pregunta – resposta,..Cada tarefa está adaptada o nivel do alumnado.</p> <p><u>Actividades de reforzo:</u> as mesmas actividades relacionadas anteriormente afondan nos contidos traballados na aula para fixalos. Películas relacionadas cos temas traballados, contos e canción online,..</p> <p><u>Actividades de ampliación:</u> nas actividades citadas anteriormente inclúense pequenas tarefas que propoñen pequenas ampliacións sobre os contidos xa traballados. Actividades dixitais de paxinas da materia de relixión , manualidades sobre o traballado, crucigramas, sopa de letras,..</p> <p><u>Actividades de recuperación:</u> os apartados das actividades anteriores nos que se traballan os contidos dados e avaliados na aula de forma presencial presentan un carácter de recuperación, xa que no caso da correcta realización das actividades o alumnado demostra a adquisición das aprendizaxes que non dera superado anteriormente.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Puxemos a disposición do alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar desde casa o traballo iniciado nas aulas:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Ordenadores</li><li>- Libros e cuadernillos.</li><li>- Outros materiais....</li></ul> <p>Os recursos que estamos empregando son dixitais, mediante a plataforma E-DIXGAL para o alumnado de 5º e 6º de primaria.</p> <p>Recursos on-line para facilitar as tarefas do alumnado.</p> <p>Abalar Móbil e correo electrónico para resolver dúbidas, mandar traballos, comunicados, etc...</p> <p>O contacto cos familias mantense a través do correo electrónico e especialmente do teléfono cunha frecuencia case diaria.</p>

## 4. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

### Adaptacións metodolóxicas

Actualmente, estamos vivindo unha situación familiar, social e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.

A metodoloxía será flexible, activa, motivadora, dirixida ao logro dos obxectivos e das CC, baseándose na aprendizaxe significativa, procurando a atención á diversidade e a autonomía no proceso de aprendizaxe, e potenciándose o uso das novas tecnoloxías na súa dobre vertente de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento, e como medio e recurso de traballo.

Nesta situación é moi importante o traballo do profesorado en equipo e coordinado, para solventar todas as carencias que poida ter o alumnado, favorecendo o uso das tecnoloxías da información e comunicación e permitindo que realicen as actividades cos medios que teñan a súa disposición..

Para mellorar o traballo do alumnado o centro dotou de ordenadores a 27 familias de alumnos matriculados entre 1º e 4º de EP. Esta entrega realizouse o 15 de abril coa axuda de Protección Civil do concello do Porriño e aproveitando a súa presenza entregáronse 6 ordenadores E-dixgal que quedarán no centro. Tamén se entregaron libros de texto.

O concello do Porriño prestou(durante tres meses) 30 routers a familias que non tiñan conectividade a Internet. Esta entrega realizouse o 6 de maio coa presenza novamente de Protección Civil.

## 5. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Observación directa do traballo diario.</li><li>- Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación.</li><li>- Valoración cuantitativa do avance individual (cualificacións).</li><li>- Análise e valoración das tarefas propostas para realizar na casa de xeito non presencial.</li></ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Cadernos e traballos (escritos e online) do alumnado.</li><li>- Caderno de anotacións do profesorado.</li><li>- Probas escritas.</li><li>- Documentos dixitais (arquivos de texto, imaxes...) enviados polo alumnado coa realización das tarefas propostas polo profesorado.</li></ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación valorarase :</p> <p>1º avaliación 40%</p> <p>2º avaliación 50%</p> <p>3º avaliación 10%</p> <p>Esta porcentaxe só será tida en conta positivamente. Valorarase especialmente a situación sociofamiliar polo equipo docente, para evitar a exclusión social dadas as características particulares do noso centro.</p>

## 6. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Agora máis que nunca, resulta fundamental o contacto e o seguimento diario con toda a comunidade educativa. Para iso, empregamos diferentes recursos tecnolóxicos como Abalar Mobil, Edixgal, Webex, correo electrónico e chamadas telefónicas. O Equipo Directivo reúnese semanalmente, así como todo o Claustro e os diferentes departamentos (D.O; E.D.L.G; CCP...).</p> <p>Falamos a diario coas familias e cos/as alumnos/as, e ademais, o Equipo Directivo está atento e dispoñible desde o centro a todas as demandas que xorden.</p>
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.